



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ANUNCIO

En cumprimento do disposto no art. 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que o Pleno do Concello na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2011, adoptou os acordos dos que se transcriben a continuación a súa parte dispositiva:

ADICACIÓN EXCLUSIVA DE D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.-

Primeiro.- Recoñecer a adicación exclusiva para o mandato 2011-2015 ao cargo de Alcaldía do Concello, desempeñada por D. Javier Jorge Castiñeira, cunhas retribucións brutas anuais de 41.242,32 euros. A retribución bruta mensual será de 2.945,88 euros aboables en doce mensualidades. Devengaranse dúas pagas extras (o día 1 de xuño e o 1 de decembro) por contía de 2.945,88 euros, aboables nos meses de xullo e decembro. Estas retribucións sufrirán as mesmas actualizacións que sufran as retribucións do persoal ao servizo do Concello de Foz, segundo o previsto nas Leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado.

Segundo.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

DETERMINACIÓN DO IMPORTE DAS DIETAS POR ASISTENCIA DE CARGOS ELECTOS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS E INDEMNIZACIÓN POLAS XESTIÓNS NO DESEMPEÑO DO CARGO.-

Primeiro.- A asistencia a órganos colexiados constitúe unha dieta ou honorario que se lle recoñece aos membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación parcial ou exclusiva pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, fixándose a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión do Pleno de 60,10 € e unha retribución bruta por asistencia ao resto de órganos colexiados de 30,50 €. No caso de coincidir un mesmo concelleiro en varias sesións de distintos órganos colexiados celebradas no mesmo día ou a celebración de varias sesións dun órgano colexiado nun mesmo día, soamente percibirase indemnización pola asistencia a unha das sesións, que será a de maior valor económico.

Segundo.- Aplicar no referente a indemnizacións polas xestións que esixan o desprazamento dentro ou fora do termo municipal do Alcalde ou Concelleiros e á súa xustificación o establecido no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normativa que a substitúa, nas contías que se sinalen para o Grupo I.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Terceiro.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

DETERMINACIÓN DO IMPORTE DAS ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS.-

Primeiro. – Establecer unha asignación económica a cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 180,30 €, e un compoñente variable de 63,06 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará cunha periodicidade trimestral.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

Segundo. -Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

O que se fai público, para xeral coñecemento e aos efectos oportunos, en cumprimento do establecido na lexislación vixente.

Foz a, 26 de xullo de 2011.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.-